



A poeta e videocreadora **Miriam Reyes** naceu en 1974 en Ourense, pero aos oito anos emigrou cos seus pais a Caracas. Estudou Letras na Universidade Central de Venezuela e, máis tarde de volta na Península, licenciouuse en Filoloxía Hispánica pola Universitat de Barcelona.

Publicou os libros de poesía: *Espejo negro* (2001), *Bella durmiente* (2004), *Desalojos* (2008), *Yo, interior, cuerpo* (Antología poética) (Arxentina, 2013), *Haz lo que te digo* (2015) e *Prensado en frío* (2016), a carón de dous títulos que viron a luz en tradución ao portugués e ao italiano. Así mesmo editou e traduciu -para o Fondo de Cultura Económica- a antoloxía de poesía galega *Punto de ebullición* (2015), ademais de verter para o castelán poetas portugueses, galegos e cataláns contemporáneos.

Foi bolsa de creación na mítica Residencia de Estudiantes de Madrid entre os anos 2004-2005, e da Fundación Roquissar de Mallorca en 2013. Ten sido incluída en antoloxías estatais e internacionais, e mantén a páxina de escrita colectiva *Prensándonos en frío*. Desde o ano 2001 experimenta coa escritura audiovisual e mais o recital multimedia.

*en aquel momento no perdí la inocencia  
sino la idea de continuidad  
esperar que las series de números  
siguieran una progresión lógica*

*perdí mi nombre las algas  
partes imprescindibles de otros cuerpos  
por ejemplo el lóbulo de una oreja  
tres pares de piernas en el sofá  
con sus tres cálidos cuellos  
y el hedor de los cerdos  
aparcados en la esquina*

*también esa esquina y todas las demás  
hasta perder la ciudad y más allá de la ciudad  
donde el camino llevaba a la montaña  
y olía a quemado*

*perdí crecer y reproducirme  
hablar en voz alta  
el punto de articulación  
todo el amor y la posibilidad  
de decir lo que pensaba*



# Poetas Di(n)versos 2018



(MIRIAM  
REYES)

Luns 04 de xuño  
20:30

ÁGORÀ  
[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

Celia Parra





Fran Gómez Regajo

**Celia Parra** (Ourense, 1990) é poeta e produtora. Licenciada en Comunicación Audiovisual e Máster en Producción e Xestión Audiovisual, traballa para varias produtoras e especialízase en videopoesía como investigadora, docente e creadora. Os seus videopoemas teñen sido premiados e seleccionados en diversos certames de Europa, Estados Unidos e América Latina. Alén diso, é impulsora e produtora executiva de Versogramas, considerado o primeiro documental sobre o panorama internacional da videopoesía.

Como poeta, publicou en 2009 o seu primeiro poemario, *No berce das mareas*, Premio Avelina Valladares. Froito da experimentación coa poesía híbrida, seguiríánlle no 2012 *RE(Cl)verso*, un CD autoeditado de audiopoesía e, no 2013, *Poemario Culinario*, un recetario de poemas e fotografías servidas en formato web.

A súa obra poética viu a luz en revistas como *Dorna*, *Luzes*, *Oculto Lit* e xornais como *O Salto Galiza*. Forma parte das referenciais antoloxías da última poesía galega *No seu despregar* (2016) e *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2017, en edición bilingüe galego-castelán), e actualmente traballa no que será o seu segundo poemario.

#### ABRASIÓN

*Todo ocorreu sen levantar sospeitas  
no padal un presaxio  
no espello  
a escisión de ti contigo  
aqueña que eras  
mírate cos ollos devorados pola couza*

*Ferves en sinónimos  
coreografías plans de fuga  
pero tes as cadeiras  
 ancoradas no adverbio*

*Así caladamente  
a cadencia da derrota  
erosiona as vértebras*

*Así o tempo  
crepita  
baixo os pés*

*A parálise  
é a peor das abrasións.*



## (CELIA PARRA)

Luns 04 de xuño  
20:30

ÁGORÀ

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)



# Poetas Di(n)versos 2018

Miriam Reyes